# Rúbrica do reto (versión docente)

| Ítem | 4 | 3 | 2 | 1 |
|---|---|---|---|---|
| **Deportes alternativos** | Participa activamente nas clases prácticas dos deportes alternativos propostos. Comprende e pon en práctica de forma destacada a técnica e táctica dos deportes. | Participa activamente nas clases prácticas dos deportes alternativos propostos. Comprende e pon en práctica de forma correcta a táctica do deporte pero non domina a súa técnica. | Participa activamente nas clases prácticas dos deportes alternativos propostos. Domina a técnica propia do deporte pero non comprende a táctica do mesmo. | Non participa activamente nas clases prácticas dos deportes alternativos propostos. |
| **Quecemento** | Diferencia claramente entre quecemento xeral e quecemento específico. A proposta de quecemento do grupo é correcta e completa. | Diferencia claramente entre quecemento xeral e quecemento específico. A proposta de quecemento do grupo é boa pero está incompleta ou en orde incorrecto. | Ten dificultades para diferenciar entre quecementos xerais e específicos. A proposta de quecemento do grupo é mellorable. | Non diferencia entre quecemento xeral e quecemento específico. A proposta de quecemento do grupo é mala. |
| **Creación dun novo deporte** | Cúmprense estes 4 *ítems*:<br>- Tivéronse en conta todos os aspectos e fases comentadas para a creación do deporte.<br>- Está claro o regulamento.<br>- A explicación do deporte é clara e non deixa marxe a dúbidas.<br>- O deporte é novidoso, dinámico e inclusivo. | Cúmprense 3 destes 4 *ítems*:<br>- Tivéronse en conta todos os aspectos e fases comentadas para a creación do deporte.<br>- Está claro o regulamento.<br>- A explicación do deporte é clara e non deixa marxe a dúbidas.<br>- O deporte é novidoso, dinámico e inclusivo. | Cúmprense 2 destes 4 *ítems*:<br>- Tivéronse en conta todos os aspectos e fases comentadas para a creación do deporte.<br>- Está claro o regulamento.<br>- A explicación do deporte é clara e non deixa marxe a dúbidas.<br>- O deporte é novidoso, dinámico e inclusivo. | O deporte creado é unha copia doutro deporte xa existente. |
| **Traballo en equipo no deseño e ensaio do deporte** | Integrouse ben no grupo, axudou a compañeiras e compañeiros. Amosou moita iniciativa e foi parte importante do equipo. | Integrouse ben no grupo, axudou a compañeiras e compañeiros. Achegou poucas propostas, pero apoiou as propostas dos demais. | Tivo dificultades para traballar en equipo. Non colaborou co resto do grupo. | Non logrou integrarse ben no grupo e rexeitou o traballo. |
| **Tarefas asignadas ao rol elexido no deseño do torneo** | Realizou todas as actividades que correspondían ao rol elexido e rematounas con éxito. Esforzouse para realizalas sen axuda. | Realizou as actividades que correspondían ao rol elexido e rematounas correctamente, pero puido esforzarse un pouco máis. | Non realizou todas as actividades que correspondían ao rol, e para algunhas necesitou axuda. Puido esforzarse máis en xeral. | Non realizou todas as actividades que correspondían ao rol. Ademais, a pesar de ter axuda, os resultados deberían ser mellores. |
| **Participación no torneo final** | Participou activamente no torneo demostrando actitude e comprensión do regulamento e táctica do deporte. | Participou activamente no torneo con moi boa actitude pero con falta de comprensión do regulamento ou da táctica do deporte. | Participou de forma activa pero sen aplicar correctamente nin o regulamento nin a táctica do deporte. | Participou, pero de forma pouco activa. |

"Rúbrica do reto", do proxecto *cREAgal*, publicada baixo a licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0